

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **31 de outubro de 2013**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Paz Abreira
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do PP; don Antonio Ameijide
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas.
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 25 de outubro de 2013.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Servizos Sociais

- Para a realización dunha xornada formativa destinada aos técnicos/as de servizos sociais, por importe de 300 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Alumeado público da zona rural

- Para a adquisición de material necesario para o mantemento das instalacións de alumeado público na zona rural, por importe de 3.362,27 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras

- Para a reconstrución e substitución de dous tramos de varanda fronte a rotonda da rúa Carlos Azcárraga, por importe de 857,89 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 31-10-13.doc

Asunto:

- De Cultura

- Para difusión de actividades de outono mediante o deseño, maquetación e impresión de totems, por importe de 1.287,14 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Bombeiros

- Para a adquisición de comunicadores adaptados o casco Fisf e pulsadores, por importe de 4.907,34 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Para a instalación e reforma de alumeado público en urbanización Bellavista, por importe de 33.779,88 euros.

Esta proposta non foi aprobada e será requirido ós Servizos Eléctricos documentación relativa ó proxecto da obra e acta de replanteo, para así presentar outra vez esta proposta na próxima Xunta de Compras que se celebre.

- Para instalación de alumeado público na Rúa do Carme, mellora de eficiencia enerxética, substitución de mercurio a sodio, por importe de 14.526,03 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, co voto en contra do BNG.

- Para a adquisición de lámpadas tipo Led para os aseos do edificio do MIHL, por importe de 5.336,10 euros.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, co voto en contra do PP e coa abstención do BNG.

- Da Brigada de zona rural

- Para adquisición de 900 toneladas de material reciclado, por importe de 6.534 euros.

3.- Facturas para ditame

- De Cultura

- Factura número 288, presentada por ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, por importe de 786,50 euros.
- Factura número 279, presentada por ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, por importe de 847 euros.

Estas dúas facturas foron ditaminadas favorablemente.

- Factura número 278, presentada por ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, por importe de 363 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente coa abstención do PP e do BNG.

- De Alumeado público da zona Rural

- Factura número 213.0512, presentada por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., por importe de 1.060,86 euros.
- Factura número 213.0463, presentada por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., por importe de 1.060,86 euros.

Estas dúas facturas foron ditaminadas favorablemente.

- De Vías e Obras

- Factura número A/151, presentada por FUNDINOXCORTEN, S.L., por importe de 430,76 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Augas

- Factura número 113/6, presentada por CANAL VOZ, S.L., por importe de 240,72 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Factura número 00000069, presentada por HALLMANN ENERGIE, S.L., por importe de 447,70 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

Fóra da orde do día ditaminouse favorablemente:

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 31-10-13.doc

Asunto:

- De oficina Plan Urban

- Para a realización de 6 vídeos en galego, español e inglés e os seus correspondentes códigos QR, para dar a coñecer e promocionar en distintos soportes (papel, web, etc..) os seguintes recursos do centro histórico: a casa do Mitreo, o Pequeño Templo Romano atopado no Círculo das Artes, a ruta da Arquitectura gótica, a Ruta da Arquitectura Racionalista, A Casa dos Mosaicos, e o Centro de San Roque, por importe de 4.682,70 euros.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:38 horas no lugar sinalado no encabezamento.